




## VASO E...




Como nos modelos anteriores, partimos dun papel cadrado.




Unimos dous vértices opostos e obtemos este triángulo dobre.



Dobra o vértice dereito até o bordo do lado oposto. Procura que o lado superior do novo triángulo formado sexa paralelo á base da figura.



Fai o mesmo co vértice esquerdo e obterás esta figura.  
O pequeno triángulo superior, segue a ter dúas follas.




O triángulo dianteiro destes tes que dobralo cara a adiante e introducilo na abertura da anterior pregada.  
O triángulo traseiro dóbralo cara a atrás.



E xa tes feito o vaso.  
Saberás que dá para beber nel, mais non dá para lavallo no lavalouzas. ;-)  
Mais continuamos co...

## ... BOLICHE



Para facer un boliche precisamos o vaso que vimos de facer, un fío de coser -dunhas dúas cuartas de longo- e máis unha bóla de papel.

Lembras que para faceres o papel cadrado sobrou un anaco rectangular? Pois ben, envurullamos ese papeliño e con el facemos a bola, ou boliche. Observa que na fotografía ten un fío incorporado. Iso conséguese se antes de envurullar colocamos un dos cabos do fío sobre o papel e o estrullamos con el. Se non o facemos así, podemos atar o fío á bóla.

O outro cabo do fío pegámolo nun dos bordos do vaso con fita adhesiva . Ou, de querermos, antes de dobrar o vaso tamén podemos meter o cabo do fío, que así quedará afincado nas pregadas.

O xogo do boliche consiste en deixar a bóla pendurando e cun movemento de man elevala e conseguir recollela co vaso.

Podes velo no arquivo:

[boliche de papel.avi](#)

Se o queres máis difícil, podes probar a darlle a volta ao boliche, e tentar recollela co cu do vaso.

